

## A LIMIA

# Axuda de 40.000 euros para un proxecto social do Centro Rural O Viso

I.O. XINZO | CUALEDRO  
local@laregion.net

■■■ A entidad financiera 'la Caixa' ven de conceder, a través da súa Obra Social, 55.000 euros destinados a dous proxectos de acción social no ámbito rural. Dos 49 proxectos seleccionados nesta convocatoria, dous serán desenvoltos nos concellos de Xinzo de Limia e Cualedro.

O obxectivo é "ofrecer ás persoas das aldeas o maior grao de benestar físico, psicolóxico e social" a través dunha acción integral que interveña na "prevención e na dependencia para fomentar a autonomía dos maiores".

O programa está aberto a todas aquelas organizacións sen ánimo de lucro que traballen a prol "de colectivos en risco de exclusión social". As dúas institucións beneficiarias do rural Ourense son o Centro de Desenvolvemento Rural O Viso e a Cruz Vermella.

A AGRUPACIÓN DESENVOLVERÁ UN PROXECTO INTEGRAL NA COMARCA DA LIMIA A TRAVÉS DE SERVIZOS DE PROXIMIDADE

A primeira executará un "proxecto integral de intervención na comarca da Limia con servizos de proximidade", que terá como beneficiarias a case mil persoas e cuxo importe concedido alcanza os 40.000 euros.

O proxecto presentado pola Cruz Vermella terá como beneficiarios a medio milleiro de persoas e consistirá na contratación dun profesional itinerante que dinamizara os entornos rurais cos nosos maiores. A contía da axuda para esta iniciativa supera os 14.000 euros. ■